Segundo: Vista a providencia do Concelleiro delegado de persoal de 31 de marzo de 2017 na que se establece que se debe retribuír a actividade extraordinaria e a maior responsabilidade e dedicación que supón dita substitución mediante o complemento de produtividade, que segundo o artigo 5.1 do Real Decreto 861/1986 de 25 de abril retribúe ditas circunstancias e forma parte da estrutura retributiva do persoal funcionario, ao amparo do disposto no artigo 23.3 da Lei 30/1984 e habida conta de que o Concello Pleno aprobou no orzamento xeral do exercicio económico 2014 prorrogado para o 2017 unhas cantidades globais para a asignación do complemento de produtividade aos funcionarios municipais, e na que se propón que polo Departamento de Tesourería se proceda ao cálculo do complemento de produtividade da funcionaria da Corporación dona María Pilar González Castro, aplicando o criterio da diferenza entre as retribucións complementarias do seu posto de traballo e as retribucións complementarias do posto da Tesoureira.

Terceiro: Visto o cálculo de dito complemento de produtividade realizado pola Tesoureira municipal en informe de 3 de abril de 2017

Cuarto: Visto o informe da Intervención Municipal de 3 de abril de 2017.

Quinto: Considerando que o feito de que non se teñan establecido mediante acordo plenario os criterios para a distribución e asignación do complemento de produtividade non debe ser óbice para que se poda aprobar a súa distribución e asignación cando se dan obxectivamente as circunstancias dunha actividade extraordinaria motivada pola asunción das tarefas propias do posto de Tesoureira e considerando que a fórmula de cálculo é obxectiva ao aplicarse as diferencias das retribucións complementarias dos distintos postos de traballo, que son as que retribúen as condicións particulares dos postos en atención a súa especial dificultade técnica, responsabilidade, especialización, etc... sen prexuízo todo elo de que se proceda a adoptar, á maior brevidade posible, o correspondente acordo plenario para establecer os criterios de distribución e asignación do complemento de produtividade da forma legalmente prevista no artigo 5 do RD 861/1986.

Sexto: Considerando que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 931/150.00 do orzamento vixente, en todo caso a nivel de vinculación xurídica.

Fundamentos de dereito:

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencia na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a distribución do complemento de produtividade á funcionaria da Corporación dona María Pilar González Castro, por realizar funcións de Tesoureira no período do 14 ao 21 de marzo do 2017, pola

contía de 50,56 Euros.

Segundo: Asignar o complemento de produtividade anteriormente detallado para aboar o mesmo na nómina correspondente da funcionaria antedita.

Terceiro: Notificar o presente acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 3 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

56.- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE AO FUNCIONARIO DA CORPORACIÓN DON JOSÉ MARCELINO RIVERA RARÍS POR REALIZAR FUNCIÓNS DE INTERVENCIÓN DURANTE OS MESES DE FEBREIRO E MARZO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 3 de abril de 2017:

<<Antecedentes Administrativos:


Primeiro: Vista a Resolución da Dirección Xeral de Administración Local, de data 5 de decembro, que tivo entrada neste Concello en data 13 de decembro de 2016 (NRE 10242) , pola que se nomea ao técnico de xestión económica municipal don José Marcelino Rivera Rarís, interventor accidental dende o día 5 de decembro do 2016 ata a reincorporación da titular en baixa por IT.

Segundo: Vista a providencia do Concelleiro delegado de persoal de 31 de marzo de 2017 na que se establece que se debe retribuír a actividade extraordinaria e a maior responsabilidade e dedicación que supón dita substitución mediante o complemento de produtividade, que segundo o artigo 5.1 do Real Decreto 861/1986 de 25 de abril retribúe ditas circunstancias e forma parte da estrutura retributiva do persoal funcionario, ao amparo do disposto no artigo 23.3 da Lei 30/1984 e habida conta de que o Concello Pleno aprobou no orzamento xeral do exercicio económico 2014, prorrogado para o 2017 unhas cantidades globais para a asignación do complemento de produtividade aos funcionarios municipais, e na que se propón que polo Departamento de Tesourería se proceda ao cálculo do complemento de produtividade do funcionario da Corporación don J. Marcelino Rivera Rarís, nos meses de febreiro e marzo aplicando o criterio da diferenza entre as retribucións complementarias do seu posto de traballo e as retribucións complementarias do posto da Interventora.

Terceiro: Visto o cálculo de dito complemento de produtividade realizado pola Tesoureira municipal en informe de 3 de abril de 2017.

Cuarto: Visto o informe da Tesoureira Municipal de 3 de abril de 2017.

Quinto: Considerando que o feito de que non se teñan establecido mediante acordo plenario os criterios para a distribución e asignación do complemento de produtividade non debe ser óbice para que se poda aprobar a súa distribución e asignación cando se dan obxectivamente as circunstancias dunha actividade extraordinaria motivada pola asunción das tarefas propias do posto de Intervención e considerando que a fórmula de cálculo é obxectiva ao aplicarse as diferencias das retribucións complementarias dos distintos postos de traballo, que son as que retribúen as condicións particulares dos postos en atención a súa especial dificultade técnica, responsabilidade, especialización, etc... sen prexuízo todo elo de que se proceda a adoptar, á maior brevidade posible, o correspondente acordo plenario para establecer os criterios



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

de distribución e asignación do complemento de produtividade da forma legalmente prevista no artigo 5 do RD 861/1986.

Sexto: Considerando que existe crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 931/150.00 do orzamento vixente, en todo caso a nivel de vinculación xurídica.

Fundamentos de dereito:

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencia na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a distribución do complemento de produtividade ó funcionario da Corporación don José Marcelino Rivera Rarís, por realizar funcións de Intervención nos meses de febreiro e marzo de 2017 a excepción dos días 24, 27 e 28 de febreiro e 1 de marzo que foi nomeado interventor accidental don Manuel Carramal Silva, pola contía de 2.445,85 €.

Segundo: Asignar o complemento de produtividade anteriormente detallado para aboar o mesmo na nómina correspondente do funcionario antedito.

Terceiro: Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 3 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

57.- XUSTIFICACIÓN DO PAGO A XUSTIFICAR CONCEDIDO AO INSPECTOR XEFE DA POLICÍA LOCAL DON FRANCISCO JAVIER ABEIJÓN BREA, PARA GASTOS REVISIÓN ITV VEHÍCULO 5942-GKV.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 3 de abril de 2017:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro: Vista a xustificación do pago a xustificar solicitado polo Inspector Xefe da Policía Local, don Francisco Javier Abeijón Brea, por importe de 50,00 €, para atender a gastos derivados da revisión da ITV do vehículo 5942-GKV, aprobado por Resolución da Alcaldía nº 214/2017, de 22 de marzo e cuxa xustificación se presentou o 24 de marzo de 2017, con NRE 2612.

Segundo: Visto o informe de fiscalización da Intervención Municipal de data 3 de abril de 2017.

Tercero. Considerando que se xustificou o pagamento das facturas xustificativas do devandito pago a xustificar.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que queda debidamente xustificada a aplicación dos fondos entregados en concepto de pago a xustificar, de conformidade co disposto na base nº 19 das de execución do orzamento en vigor.

Segundo: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aproba-la xustificación rendida do pago a xustificar concedido ao Inspector Xefe da Policía Local, don Francisco Javier Abeijón Brea, aprobado por Resolución da Alcadía nº 214/2017 de 22 de marzo, para atender a gastos derivados da revisión da ITV do vehículo 5942- GKV, por importe de 46,83 €, procedendo á devolución da cantidade de 3,17 €, segundo o seguinte detalle:

FACTURA Nº	PROVEDOR	IMPORTE
151217FS0013766	SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A.	46,83 €
	TOTAL	46,83 €

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 3 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

58.- XUSTIFICACIÓN DO PAGO A XUSTIFICAR CONCEDIDO Á TRABALLADORA SOCIAL DONA M^a DOLORES QUINTÁNS LONGUEIRA, SENDO A HABILITADA PERCEPTORA DOS FONDOS A AUXILIAR ADMINISTRATIVA DONA SILVIA CAROU BALADO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de abril de 2017:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro: Vista a xustificación do pago a xustificar solicitado pola traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a Auxiliar administrativa dona Silvia Carou Balado, por importe de 200,00 euros, para cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 12 de xaneiro de 2017 e cuxa xustificación se presentou o 24 de marzo de 2017, con NRE 2613.

Segundo: Visto o informe de fiscalización emitido sobre o particular pola Intervención Municipal en data 3 de abril de 2017.


Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que queda debidamente xustificada a aplicación dos fondos entregados en concepto de pago a xustificar, de conformidade co disposto na base nº 19 e 43 das de execución do orzamento en vigor.

Segundo: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aproba-la xustificación rendida do pago a xustificar concedido a traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos dona Silvia Carou Balado, para



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xaneiro de 2017, por importe de 199,03 €, procedendo á devolución de 0,97 € mediante ingreso na conta deste Concello no Banco Sabadell Gallego en data 24/03/2017, segundo o seguinte detalle:

FACTURA Nº	PROVEDOR	IMPORTE
517	ASOCIACIÓN LOCAL DE AUTOTAXIS	20,00 €
AG-5682	HERMANOS FERRÍN S.L.	1,40 €
AG-5609	HERMANOS FERRÍN S.L.	1,40 €
AG-5531	HERMANOS FERRÍN S.L.	1,40 €
AG-5491	HERMANOS FERRÍN S.L.	1,40 €
AG-5774	HERMANOS FERRÍN S.L.	1,40 €
AG-5776	HERMANOS FERRÍN S.L.	1,40 €
544	DAVID BALTAR BESCANSA	12,00 €
15160402864	ESPINAY DELFÍN S.L.	20,52 €
8311765	IRIAGAS S.L.	12,89 €
8311766	IRIAGAS S.L.	12,89 €
N000020/2017	OSCAR BALTAR BESCANSA	17,56 €
170007550342	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	23,75 €
208-1-03/4	DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.U.	7,10 €
TI17M16000080304	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS AV. PONTECESURES, 63	63,92 €
	TOTAL	199,03 €

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 4 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

59.- XUSTIFICACIÓN DO PAGO A XUSTIFICAR CONCEDIDO Á TRABALLADORA SOCIAL DON M^a DOLORES QUINTÁNS LONGUEIRA, SENDO A HABILITADA PERCEPTORA DOS FONDOS A TÉCNICA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR, DONA JULIA BLANCO FERNÁNDEZ.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 3 de abril de 2017:

<<**Antecedentes administrativos:**

Primeiro: Vista a xustificación do pago a xustificar solicitado pola traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos Técnica de Intervención Familiar dona Julia Blanco Fernández, por importe de 200,00 euros, para cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 26 de xaneiro de 2017 e cuxa xustificación se presentou o 24 de marzo de 2017, con NRE 2614.

Segundo: Visto o informe de fiscalización emitido sobre o particular pola Intervención Municipal en data 3 de abril de 2017.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que queda debidamente xustificada a aplicación dos fondos entregados en concepto de pago a xustificar, de conformidade co disposto na base nº 19 e 43 das de execución do orzamento en vigor.

Segundo: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:


PRIMEIRO: Aproba-la xustificación rendida do pago a xustificar concedido a traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a técnica de intervención familiar, dona Julia Blanco Fernández, para cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xaneiro de 2017, por importe de 199,06 €, procedendo á devolución de 0,94 € mediante ingreso na conta deste Concello no Banco Sabadell Gallego en data 24/03/2017, segundo o seguinte detalle:

FACTURA Nº	PROVEDOR	IMPORTE
Q000002/2017	FARMACIA NOELIA MAYO FERNÁNDEZ	16,66 €
Q000004/2017	FARMACIA NOELIA MAYO FERNÁNDEZ	46,67 €
Q000005/2017	FARMACIA NOELIA MAYO FERNÁNDEZ	45,63 €
N000013/2017	FARMACIA SARA CATRAÍN GONZÁLEZ	3,47 €
N000019/2017	FARMACIA SARA CATRAÍN GONZÁLEZ	1,71 €
N000020/2017	FARMACIA SARA CATRAÍN GONZÁLEZ	3,03 €
A005841/2017	FARMACIA SARA CATRAÍN GONZÁLEZ	14,41 €
N000023/2017	FARMACIA SARA CATRAÍN GONZÁLEZ	20,73 €
N000022/2017	FARMACIA SARA CATRAÍN GONZÁLEZ	1,22 €
N000026/2017	FARMACIA SARA CATRAÍN GONZÁLEZ	1,98 €
N000027/2017	FARMACIA SARA CATRAÍN GONZÁLEZ	2,50 €
N000039/2017	FARMACIA SARA CATRAÍN GONZÁLEZ	1,71 €
Q000015/2017	FARMACIA NOELIA MAYO FERNÁNDEZ	39,34 €
	TOTAL	199,06 €

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 3 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

60.- PAGO A XUSTIFICAR SOLICITADO POLA TRABALLADORA SOCIAL DONA M^a DOLORES QUINTÁNS LONGUEIRA, SENDO A HABILITADA PERCEPTORA DOS FONDOS A TÉCNICA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR DONA JULIA BLANCO FERNÁNDEZ.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 3 de abril de 2017:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro: Vista a solicitude de pago a xustificar presentada en data 31 de marzo de 2017 pola traballadora social dona María Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora a técnica de intervención familiar dona Julia Blanco Fernández, para cubrir compesación dos gastos farmacéuticos de familias con menores de 16 anos a cargo, empadroados no termo municipal e que non superen o límite de ingresos referido no artigo 12.d) da lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, por importe de 200,00 €.

Segundo: Visto o informe da Intervención Municipal de 3 de abril de 2017.

Fundamentos de Dereito :

Primeiro: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Vistas as Bases de execución do orzamento vixente número 19 e 43.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a autorización e disposición do gasto de 200,00 euros para para cubrir compesación dos gastos farmacéuticos de familias con menores de 16 anos a cargo, empadroados no termo municipal e que non superen o límite de ingresos referido no artigo 12.d) da lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, recoñecer a obriga correspondente con cargo á aplicación orzamentaria 2311/480.01 do orzamento vixente a favor da traballadora social dona María Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a Técnica de Intervención Familiar dona Julia Blanco Fernández, sen prexuízo da súa necesaria e correcta xustificación posterior nun prazo máximo de tres meses e expedir e executar a correspondente orde de pago a xustificar.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 3 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

61.- ASISTENCIAS DOS CORPORATIVOS ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN CELEBRADAS DURANTE OS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2017.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 4 de abril de 2017:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. Acordo do Pleno da Corporación Municipal de Padrón de 10/07/2007 polo que se establece o seguinte réxime de indemnizacións aos Coporativos:

a) Pola asistencia ás sesións do Pleno: 60,10 €/ sesión

b) Polas asistencia ás sesións da Comisión de Goberno: 60,10 €/ sesión

c) Polas asistencias ás sesións das Comisións Informativas: 30,05 €/ sesión

(,,)

Segundo. Acordo do Pleno da Corporación Municipal de Padrón de 13/06/2015 polo que se constitúe a Corporación Municipal de Padrón, toman posesión os concelleiros e concelleiras electos e élixese e toma posesión o Alcalde do Concello de Padrón.

Terceiro. Acordo do Pleno da Corporación Municipal de Padrón de 2/7/2015 polo que se adoptan os seguintes acordos:

1. Apróbase o día e a hora de realización das sesións ordinarias do Pleno da Corporación Municipal
2. Apróbase o número e denominación das comisións informativas permanentes
3. Noméase aos representantes do Concello de Padrón en órganos colexiados
4. Recoñécese dedicación exclusiva e parcial a diversos cargos
5. Dase conta da constitución dos grupos políticos
6. Dase conta do nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local
7. Dase conta do nomeamento dos Tenentes de Alcalde
8. Dase conta dos acordos do Alcalde de delegación de competencias nos concelleiros e concelleiras.

Cuarto. Actas das sesións dos órganos colexiados da Corporación celebradas durante os meses de xaneiro e febreiro de 2017.

Quinto. Providencia do Alcalde de 04/04/2017 pola que se somete á fiscalización da Intervención a proposta de asistencias a abonar aos Corporativos asistentes ás sesións dos órganos colexiados da Corporación celebradas durante os meses de xaneiro e febreiro de 2017

Sexto. Informe da Intervención municipal de 04/04/2017.

Fundamentos de dereito:

Primeiro: Considerando o establecido nos artigos 75.3 da LBRL, 49 e 125 do ROF.

Segundo. Considerando que o Pleno da Corporación Municipal de Padrón, na sesión celebrada o 02/07/2015 acordou que tódolos concelleiros integrantes do grupo mixto poderán participar en todas as comisións informativas que se celebren, se lles cursará convocatoria e terán voz e voto nas mesmas, debendo considerarse só o voto ponderado a efectos de formacións que constitúan grupo político propio por acadar un mínimo de dous concelleiros.

Terceiro. Considerando o disposto no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aproba-lo gasto das asistencias dos membros da Corporación ás sesións dos órganos colexiados celebradas durante os meses de xaneiro e febreiro do 2017, que a continuación se relacionan, por importe total bruto de 2.253,75 €, procedéndose á retención das cotas do I.R.P.F. por importe de 374,18 €, resultando un importe total líquido a percibir de 1.879,57 €, e recoñecer as correspondentes obrigas con cargo á aplicación orzamentaria 912/233.00 do orzamento vixente para o 2017:

PLENOS

	26/01/17	09/02/17	23/02/17	IMPORTE BRUTO	I.R.P.F.	TOTAL LÍQUIDO



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Ángel Rodríguez Conde	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Francisco J. Guillán Iglesias	60,10 €	0,00 €	60,10 €	120,20 €	18,03 €	102,17 €
Camilo Forján Seoane	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Alberto Piñeiro Otero	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Teresa Rey Pazos	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Cesáreo González Pardal	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
Xoan A. Santaló Rios	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	45,08 €	135,22 €
Eloy Rodríguez Carbia	60,10 €	60,10 €	60,10 €	180,30 €	27,05 €	153,25 €
TOTAIS	480,80 €	420,70 €	480,80 €	1.382,30 €	225,41 €	1.156,89 €

COMISIÓNS INFORMATIVAS A)

	23/01/17	21/02/17	TOTAL BRUTO	I.R.P.F.	TOTAL LÍQUIDO
Ángel Rodríguez Conde	30,05 €	30,05 €	60,10 €	9,02 €	51,08 €
Francisco J. Guillán Iglesias	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Camilo Forján Seoane	30,05 €	30,05 €	60,10 €	9,02 €	51,08 €
Cesáreo González Pardal	30,05 €	0,00 €	30,05 €	4,51 €	25,54 €
Xoan Santaló Rios	30,05 €	30,05 €	60,10 €	15,03 €	45,07 €
Eloy Rodríguez Carbia	30,05 €	30,05 €	60,10 €	9,02 €	51,08 €
TOTAIS	150,25 €	120,20 €	270,45 €	46,60 €	223,85 €

COMISIÓNS INFORMATIVAS B)

	23/01/17	TOTAL BRUTO	I.R.P.F.	TOTAL LÍQUIDO
Ángel Rodríguez Conde	30,05 €	30,05 €	4,51 €	25,54 €
Francisco J. Guillán Iglesias	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Camilo Forján Seoane	30,05 €	30,05 €	4,51 €	25,54 €
Cesáreo González Pardal	30,05 €	30,05 €	4,51 €	25,54 €
Xoan Santaló Rios	30,05 €	30,05 €	7,51 €	22,54 €
Eloy Rodríguez Carbia	30,05 €	30,05 €	4,51 €	25,54 €
TOTAIS	150,25 €	150,25 €	25,55 €	124,70 €

COMISIÓNS INFORMATIVAS C)

	23/01/17	07/02/17	09/02/17	TOTAL BRUTO	I.R.P.F.	TOTAL LÍQUIDO
Ángel Rodríguez Conde	30,05 €	30,05 €	30,05 €	90,15 €	13,52 €	76,63 €
Francisco J. Guillán Iglesias	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Camilo Forján Seoane	30,05 €	30,05 €	30,05 €	90,15 €	13,52 €	76,63 €

Cesáreo González Pardal	30,05 €	30,05 €	30,05 €	90,15 €	13,52 €	76,63 €
Xoan Santaló Ríos	30,05 €	30,05 €	30,05 €	90,15 €	22,54 €	67,61 €
Eloy Rodríguez Carbia	30,05 €	30,05 €	30,05 €	90,15 €	13,52 €	76,63 €
TOTAIS	150,25 €	150,25 €	150,25 €	450,75 €	76,62 €	374,13 €

Segundo: Ordena-lo pago das devanditas asistencias ós interesados.

Terceiro: Notificar o presente acordo ós interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 4 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

62.- APROBACIÓN DOS PREMIOS DA XV CARREIRA POPULAR DO CONCELLO DE PADRÓN.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 3 de abril de 2017:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 12 de xaneiro de 2017, aprobouse a celebración, o sábado día 18 de febreiro de 2017, da <<XV edición da carreira popular Concello de Padrón>>, así como o regulamento que rexeu a súa celebración e o orzamento da actividade por un importe total de 13.471,91 €.

Segundo. No dito regulamento estaba prevista a concesión de premios en metálico para os gañadores/as da amentada carreira por un importe total de 2.870,00 €, desgrosados da seguinte maneira:

PREMIOS EN METÁLICO DA PROBA ABSOLUTA:


PREMIOS INDIVIDUAIS

Categoría masculina:

1º clasificado:	250,00 €
2º clasificado:	175,00 €
3º clasificado:	100,00 €
4º ó 10º clasificado:	30,00 €
11º ó 20º clasificado:	20,00 €
21º ó 30º clasificado:	10,00 €

Categoría feminina:

1º clasificada:	250,00 €
2º clasificada:	175,00 €
3º clasificada:	100,00 €
4º ó 10º clasificada:	30,00 €
11º ó 20º clasificada:	20,00 €



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

PREMIOS A CLUBES:

Categoría masculina:

1º Equipo clasificado: 200,00 €

2º Equipo clasificado: 150,00 €

3º Equipo clasificado: 100,00 €

Categoría feminina:

1º Equipo clasificado: 200,00 €

2º Equipo clasificado: 150,00 €

3º Equipo clasificado: 100,00 €

Terceiro. En data 21 de marzo de 2017, o Concelleiro Delegado de Deportes, don Andrés Sanmarco Santos expón que vistas as reclamacións presentadas pola desigualdade dos premios en metálico individuais femininos en relación aos masculinos a Concellería de deportes opta pola modificación das bases da proba no apartado 6 establecendo os seguintes premios en metálico individuais:

CATEGORÍA MASCULINA		CATEGORÍA FEMININA	
1º clasificado	250,00 €	1ª clasificada	250,00 €
2º clasificado	175,00 €	2ª clasificada	175,00 €
3º clasificado	100,00 €	3ª clasificada	100,00 €
Do 4º ao 10º	30,00 €	Do 4ª ao 10ª	30,00 €
Do 11º ao 20º	20,00 €	Do 11ª ao 20ª	20,00 €
Do 21º ao 30º	10,00 €	Do 21ª ao 30ª	10,00 €

Cuarto. En data 21 de marzo de 2017, o Concelleiro de deportes, don Andrés Sanmarco Santos, achega a clasificación e resultados da proba, xunto cos datos persoais e bancarios dos gañadores/as dos premios nas distintas categorías e dos clubs participantes.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. Visto o artigo 14 do Regulamento Orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local e o disposto na base número 43 das de execución do orzamento en vigor.

Segundo. Considerando que o órgano competente para a concesión de premios é a Xunta de Goberno Local, ao abeiro do disposto na base número 43 das de execución do orzamento en vigor, e que existe crédito axeitado e suficiente para a aprobación do gasto que comporta o outorgamento dos ditos premios na aplicación orzamentaria 341/226.08 do orzamento vixente.

Terceiro. Considerando que non se concedeu ningún premio de importe superior a 300,00 é polo tanto non procede aplicar desconto das cotas do I.R.P.F.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro. Aprobar a modificación das bases da XV Carreira Popular Concello de Padrón no apartado 6 para que non exista desigualdade nos premios en metálico individuais femininos en relación aos masculinos segundo a proposta da Concellería de deportes quedando os premios da seguinte maneira:

CATEGORÍA MASCULINA	CATEGORÍA FEMININA
---------------------	--------------------

